

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36012419	CEIP Plurilingüe Arealonga	Vilagarcía de Arousa	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a comportarse de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais nos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas pola súa etnia, orientación ou identidade sexual, relixión, discapacidade...
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, e ser capaces de aplicarlos a situacións cotiás.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos e estereotipos sexistas.
- Desenvolver hábitos cotiás de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Nesta competencia quedan enmarcadas todas as actividades, tarefas e proxectos onde o alumnado teña que usar as linguas para obter información, interpretar e expresar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita e para interactuar de forma axeitada e creativa en múltiples contextos sociais e culturais.

O proxecto lector de centro, as actividades de dinamización da lingua galega e todas as actividades propostas pola biblioteca no marco do PLAMBE, contribúen a esta competencia. Ademais este curso comezaremos co deseño do PLEA, plan de lectura, escritura e acceso a información.

CP-Competencia plurilingüe.

O noso centro pasou a ser plurilingüe no curso 2022-2023, escollendo a área de Educación plástica e visual de 1º a 4º de Educación primaria para traballar na lingua estranxeira e a psicomotricidade en Educación infantil. Coa participación no Programa de Centros Plurilingües preténdese o fomento da pluralidade lingüística e a multiculturalidade no centro educativo para favorecer a transferencia de coñecementos e competencias dunha lingua a outra.

Ademais, contamos coa auxiliar de conversa de lingua inglesa, como un apoio e recurso persoal para fomentar a escoita e a fala en lingua inglesa así como para contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado e do centro

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Contribuímos a esta competencia en actividades onde aplicamos o método científico, realizando diferentes experimentos e actividades nas que desenvolven a curiosidade e a capacidade de observar, formular preguntas, deseñar experimentos, realízalos e extraer conclusións acerca da súa contorna natural e social. Contamos cunha aula de Polos Creativos e unha aula de informática, nas que se poden levar a cabo metodoloxías activas para desenvolver o razoamento matemático e experimentar o método científico en diferentes situacións cotiás.

CD-Competencia dixital.

O noso centro pertence a rede de centros E-DIXGAL, isto implica que o terceiro ciclo traballa diariamente con ferramentas TIC de xeito híbrido con libros de texto. Ademais, todas as aulas contan con recursos dixitais como ordenadores ou pantallas dixitais interactivas. O alumnado, sobre todo, do segundo e terceiro ciclo, realiza actividades onde buscan información de forma segura e efectiva, usan os procesadores de textos para elaborar traballos, deseñan e realizan presentacións, empregan as ferramentas institucionais para o proceso de ensino-aprendizaxe, na realización de proxectos audiovisuais... Ademais dende o curso 2024/25 contamos coa aula de Polos Creativos que ten unha dotación específica, entre a que destaca: impresora 3D, cortadora láser, robots, sets de circuitos...

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

No centro contamos cun Plan de Convivencia no que desenvolvemos actividades que fomentan aprender a identificar, xestionar e expresar as nosas emocións de forma saudable, solucionar conflitos de forma dialogada, desenvolver a súa autonomía e identidade, valorar e respectar as diferenzas... Levamos a cabo, dentro da iniciativa PIE de mellora da convivencia programas como a mediación escolar, mellora de habilidades sociais e educación emocional con diferentes obradoiros e actividades. Contamos coa planificación de patios activos e coeducativos, onde se desenvolven diferentes actividades deportivas organizadas en diferentes espazos, dentro dun calendario establecido. E dentro da programación do equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, promóvese nas diferentes conmeoracións (Día da paz, 25-N, Dereitos do neno/a...) o desenvolvemento de diferentes actividades que impulsen valores como o respecto ás diferenzas individuais, a tolerancia, a iniciativa persoal do alumnado...

CC-Competencia cidadá.

O alumnado vive en comunidade, e interactúa con iguais e adultos. Desde ao centro deseñáanse actividades para favorecer o coñecemento da súa contorna social próxima como son saídas a institucións e espazos do Concello ou da provincia. Contribuímos a esta competencia a través do traballo nas titorías de actividades que permitan ao noso alumnado exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión das estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas.

CE-Competencia emprendedora.

En educación infantil se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, as tarefas de invernoiro, os proxectos cooperativos entre outras propostas de aprendizaxe.

En educación primaria, desenvolvemos situacións de aprendizaxe que axuden ao noso alumnado a detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento crítico e a toma de decisións.

Realizamos actividades como o alumnado axudante da biblioteca, exposicións dos produtos finais do traballo en diferentes áreas, nas que aprenden a planificar (comprender a situación en detalle, buscar estratexias e tomar

decisións), xestionar os recursos dispoñibles e a valorar os resultados obtidos para adquirir novas aprendizaxes. CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Levamos a cabo actividades diversas para comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

Realizamos propostas como as exposicións no centro, a participación en concursos, as visitas extraescolares, a asistencia a concertos e representacións teatrais, nos que fomentamos a apreciación e a valoración da cultura a través da música, literatura, artes plásticas... de xeito que as sintan como enriquecedoras e fontes de pracer.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Na Educación Infantil

O artigo 15 e 16 do Decreto 150/2022, establece os contidos de carácter transversal, sinalando que se atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, o movemento e os hábitos de control corporal, á comunicación e a linguaxe, e as pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna natural próxima. Empregaremos unha linguaxe non sexista e promoveremos a educación en valores, a educación para un consumo responsable e sostible, a promoción de hábitos saudables, e o desenvolvemento de rutinas que favorezan a autonomía persoal dos nenos e nenas, para que estes elaboren unha imaxe positiva de si mesmos.

Tendo como punto de partida o currículo, os criterios para incorporar os elementos transversais son os seguintes:

- Fomentar situacións nas que sexa preciso iniciarse no coñecemento e na xestión emocional.
- Desenvolver dinámicas para a resolución dos conflitos entre iguais a través do diálogo e promovendo así a autonomía.
 - Promover a adquisición dunha imaxe positiva de si mesmos, fomentando o reforzo positivo, e a autonomía e responsabilidade das súas actuacións.
 - Favorecer a linguaxe non sexista e o diálogo nas asembleas, atendendo á diversidade familiar.
- Potenciar o consumo responsable e sostible nas diferentes dinámicas de traballo que se deseñen na aula.
 - Levar a cabo actividades en contacto coa natureza, que permitan desenvolver a empatía e respecto cos diferentes seres vivos e elementos da contorna natural.
 - Incorporar hábitos de alimentación saudable e hixiene en dinámicas diarias como poden ser as merendas.
 - Ter en conta a coeducación en tódalas dinámicas e tarefas que se planifiquen na aula.

Na Educación Primaria

O artigo 16 e 17 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece os contidos de carácter transversal. Tendo como punto de partida o currículo, os criterios para incorporar os elementos transversais son os seguintes:

- Tratar de dar resposta a certas demandas sociais da nosa contorna.
- O punto de partida será a experiencia vital e global do alumnado, tendo especial importancia as problemáticas da nosa sociedade como o uso das pantallas, unha alimentación equilibrada, a igualdade, o respecto, o coidado do medio ambiente...
 - Favorecer unha metodoloxía activa, participativa e cooperativa favorecendo a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
 - Promover o desenvolvemento persoal e social a través da xestión das emocións, relacionarse cos outros de maneira positiva e satisfactoria, podendo expresar o que se sente de maneira natural.
 - Potenciar as competencias e habilidades necesarias para a convivencia, non so na contorna escolar, senón tamén en sociedade para desenvolverse como cidadáns, incorporando accións que traballen, a súa vez, a seguridade viaria e a prevención de accidentes.
 - Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
 - Evitar calquera actitude discriminatoria por razón de sexo, identidade sexual ou de xénero, discapacidade, sociocultural, económica, etc.
 - Desenvolver dinámicas para a resolución dos conflitos entre iguais a través do diálogo, promovendo valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

Durante o curso 2025-2026 contamos cun proxecto de centro chamado Mitoloxía galega, vencellado ao mundo das lendas e personaxes mitolóxicos.

De xeito transversal, tanto nas actividades vencelladas ao PDI como no resto de propostas escolares, traballarase os seguintes elementos:

- Comprensión lectora: a través da procura e análise da información en distintos formatos.
- Expresión oral e escrita: a partir de exposicións das investigacións e dos produtos elaborados, producir esquemas e/ou debuxos, elaborar un guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros/as. Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto. Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos...
- Comunicación audiovisual: por medio da elaboración de vídeos, podcasts, presentacións dixitais, traballos co croma... Traxo do pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.
- Competencia dixital: co obxectivo do coñecemento do manexo das ferramentas dixitais como medio e como fin das aprendizaxes.
- Fomento da creatividade: coa sistematización das experiencias e propostas que impliquen a iniciativa do alumnado, o deseño de novas propostas e de novas ideas.
- Espírito científico e do emprendemento: impulsando as actividades que impliquen a experimentación, a reflexión, a comprobación das hipóteses, o traballo planificado e en equipo, a iniciativa e autorregulación do alumnado...
- Igualdade entre homes e mulleres: promovendo o respecto por ambos sexos e evitando a discriminación en calquera situación comunicativa, valorando a importancia de colaborar nas tarefas domésticas e no ámbito profesional sen distinción de xénero.
- Educación para a paz: respectando os diferentes modelos de familia e valorando a todos de igual maneira, recoñecendo a importancia da gratitude e a axuda, apreciando e valorando a diversidade cultural doutros países como mostra de apertura cara a outras culturas diferentes ás propias.
- Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable: reflexionando sobre as mensaxes transmitidas a través dos medios de información e comunicación, mostrando unha actitude crítica ante a compra excesiva, e as súas repercusións sobre o medio ambiente.
- Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual: coñecendo e comprendendo a necesidade dos bos hábitos e condutas relacionadas co coidado da saúde, valorando a importancia de seguir unha dieta equilibrada, da práctica do exercicio físico, mostrando interese por ter hábitos de hixiene correctos e recoñecendo a importancia de recoñecer e comprender as propias emocións e ás dos demais. Neste senso, o centro participa no Proxecto de Vida activa e deportiva, PVAD, dentro do Plan Proxecta.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

Os criterios de organización e decisións arredor do tempo de lectura e da práctica da oratoria en cada etapa educativa, curso e/ou área baséanse no currículo oficial, que define as competencias clave, os obxectivos xerais de etapa e os contidos que se deben impartir. Os criterios de organización das actividades vinculadas á lectura e á oratoria que realicemos co alumnado estarán relacionadas con: - Os contidos da área e do proxecto de centro. - Deberán incidir nos obxectivos educativos fixados. - As conmemoracións a traballar. - Contidos transversais. - Os gustos e intereses de cada grupo na medida do posible.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

Teremos en conta as estratexias para a organización, coordinación e mediación do tempo de lectura establecidas no Plan de Biblioteca e nas que se establecerán no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA) do centro xa que todas as actividades propostas nos documentos están deseñadas para optimizar o tempo de lectura e o uso da oratoria.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

En Educación Infantil:

A práctica educativa buscará o máximo desenvolvemento de cada neno e nena nun ambiente de afecto e confianza que supoña o establecemento dun apego seguro para potenciar a súa autoestima.

Dita práctica estará baseada en experiencias activas de xogo, manipulación e experimentación coa contorna buscando unha aprendizaxe significativa que teña en conta as súas vivencias previas. Neste sentido entendemos as áreas como ámbitos de experiencia que interaccionan entre si, buscando propostas globalizadas que potencien aprendizaxes funcionais.

O xogo simbólico será clave no día a día da aula como medio de expresión de sentimentos e ideas, regulador de emocións e condutas e como medio de creación de vínculos de interacción social.

Temos en conta a necesidade dunha relación familia escola, que facilite un apego seguro para os nenos e nenas.

Buscamos o desenvolvemento das capacidades de todos os nenos e nenas tendo en conta as diferentes linguaxes afectiva, corporal, social, verbal, artística e tecnolóxica. Ademais facilitaremos unha primeira aproximación á lectoescritura desde un prisma motivador e unha iniciación temperá nas habilidades lóxicas e numéricas básicas.

O principio de igualdade terá como base propostas planeadas co fin de eliminar contido sexista ou estereotipos que supoñan algún tipo de discriminación. Desenvolvemos a nosa labor partindo da idea de que a diversidade é un aspecto positivo da sociedade, promovendo a interacción social con todo tipo de persoas. Somos conscientes de que o ámbito educativo é un lugar que propicia a detección de xeito temperá de posibles factores de risco e axuda a prever posibles dificultades.

Atenderemos progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.

Fomentaremos a autonomía a través das rutinas e actividades cotiás, favorecendo que os nenos e nenas adquiren unha imaxe positiva de si mesmos, xerando autoconfianza e tamén respecto polas diferenzas.

Prestaremos atención á flexibilidade de tempos e espazos. Crearemos ambientes de aprendizaxe que parten dos intereses dos nenos e nenas, deseñados para poder medrar sen présas, seleccionando coidadosamente o material manipulativo da aula, permitindo a accesibilidade de todo o alumnado, respectando diferentes ritmos, características e necesidades.

O traballo das competencias clave é esencial para potenciar o desenvolvemento dende os primeiros anos de vida, planeadas como un conxunto de habilidades e destrezas básicas para a aprendizaxe permanente.

Buscamos poder ofrecer unha atención educativa individualizada adaptando a práctica pedagóxica en cada momento, adaptándonos a cada circunstancia e aplicando propostas de mellora que nos permitan corrixir no día a día as dificultades que poidan xurdir.

En Educación Primaria:

Os criterios xerais nos que se baseará a elección e implementación de metodoloxías didácticas por parte do profesorado dos diferentes ciclos serán os seguintes:

- As metodoloxías que se utilicen deberán promover a funcionalidade, basearse no contexto do alumnado e utilizar elementos do seu entorno, evitando memorizacións carentes de significación e adquirindo así unha capacidade de motivación intrínseca que permita posteriormente acercarse a coñecementos máis globais e abstractos.

- A significatividade deberá estar presente sempre na práctica docente, de xeito que as novas aprendizaxes enlacen con coñecementos xa adquiridos. Buscaranse sempre contidos con significatividade psicolóxica (adaptados ao estadio de desenvolvemento do neno/a) e significatividade lóxica (que permitan o avance do alumno/a no seu desenvolvemento cognitivo persoal, e así fomenten unha actitude favorable cara a aprendizaxe).

- Potenciarase unha práctica docente que favoreza a socialización e a comunicación, xa que a aprendizaxe vese favorecida enormemente pola interacción social, a imitación e o esforzo. Por todo isto promoverase a participación activa do alumnado e na medida que sexa posible o establecemento de normas de acordo con eles, o ensino titorizado por alumnos/as e o traballo en grupo.

- Aprendizaxe activa: os mestres e mestrás non dará os contidos acabados senón que establecerá unha meta e lles dará ao alumnado as axudas precisas para acadala. A aprendizaxe producirase a través da actividade do alumno. O mestre daralle as ferramentas e ensinaralle a utilizalas, así formaremos persoas con iniciativa persoal, autónomas e coa capacidade de aprender a aprender ao longo de toda a súa vida.

- Combinación de métodos didácticos e ensinanzas multinivel: É a ferramenta clave para poder atender a toda a diversidade de personalidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e demais características que imos atopar nas nosas aulas.

- Implementaranse tamén tarefas e actividades que promovan o autoaprendizaxe, favorecendo a autonomía dos alumnos/as, o cal lles facilita medios para se desenvolver na vida. Exercitaranse fórmulas que fomenten a capacidade de reflexión, a adquisición de hábitos e técnicas de traballo intelectual e a análise dos procesos de aprendizaxe conxuntamente co alumnado.
- Metodoloxías que contemplan na medida do posible unha ensinanza individualizada que se adapte aos coñecementos que posúe cada estudante enfocándose nas súas fortalezas e ao mesmo tempo obrigándolle a traballar nas súas dificultades.
- Utilización da aprendizaxe cooperativa, que partindo da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos, os alumnos/as poidan traballar conxuntamente de forma coordinada entre si para resolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe. Esta situación de aprendizaxe baséase nas premisas de que os obxectivos dos participantes están estreitamente vinculados, de tal xeito que cada un deles só pode acadar os seus obxectivos se os demais conseguen acadar os seus, de valorar o potencial educativo das relacións interpersoais existentes en calquera grupo e de considerar os valores de socialización e integración como eficazmente educativos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Dado o obxectivo de acadar unha aprendizaxe competencial e significativa que contemple os contidos de xeito interdisciplinar, os recursos empregados deben ser variados e flexibles. Os materiais para construír esas aprendizaxes serán múltiples.

- Fontes de información en papel: libros de texto, fondos bibliográficos no centro, biblioteca de centro e aula, xornais...
- Fontes de información dixitais: programas e aplicacións dixitais, recursos interactivos...
- Materiais elaborados polos mestres.
- Materiais elaborados polo alumnado.
- Material específico e recursos manipulativos relacionados con cada área.

O alumnado de 5º e 6º curso, dentro do programa Edixgal da Consellería, dispón dun ordenador persoal con acceso á plataforma E-dixgal, combinado de xeito híbrido co uso de libros de texto nas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. Este recurso posibilita o traballo con procesadores de texto, presentacións multimedia, software de edición de vídeo, aplicacións de deseño gráfico e programación, correo electrónico e buscadores de información.

Ao elixir os materiais para Educación Infantil terase en conta:

- Que sexan adecuados ao momento evolutivo dos nenos e as nenas.
- Que sexan atractivos.
- Que fomenten actitudes de cooperación, comunicación e eviten a discriminación sexista.
- Os materiais educativos deben ser resistentes e garantir unha durabilidade a longo prazo.
- O tamaño será adecuado e permitirá un fácil manexo.

En educación primaria, a selección dos materiais e recursos responde a criterios que teñen en conta o contexto educativo, as características do alumnado e que sirvan para levar a cabo a práctica educativa para a que foron seleccionados, buscando que sexan recursos motivadores, innovadores, operativos e funcionais. Deben ter coherencia co proxecto curricular, non ser discriminatorios, permitir o uso comunitario dos mesmos, e que sexan adecuados para o alumnado, a programación e o contexto, de maneira que exista unha diversidade de selección e uso dos materiais.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Dentro da oferta educativa do noso centro as familias poderán elixir entre relixión e proxecto competencial.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias das áreas, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Terán carácter voluntario para os alumnos as que se realicen fóra do centro ou que precisen achegas económicas das familias, caso en que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas. As actividades complementarias serán propostas polos diferentes ciclos nas primeiras semanas de curso, e serán aprobadas no Consello Escolar.

O deseño destas actividades vai atender aos seguintes criterios:

- Vinculación co currículo e que o contido e obxectivos de ditas actividades se adapten aos fins educativos do centro recollidos no noso Proxecto Educativo.
- Carácter interdisciplinar e transversal, que integren aprendizaxes formais, non formais e informais. E diversos coñecementos, destrezas e habilidades que permitan acceder ao maior número posible de manifestacións e coñecementos artísticos, culturais, científicos, medioambientais, cívicos, deportivos e lúdicos
- Carácter inclusivo e igualatorio. De xeito que ningunha circunstancia social, económica ou persoal poda ser causa de que ningún alumno/a non participe nas mesmas, ao tempo que a súa variedade temática permita que sempre haxa actividades de interese para todo o alumnado.
- Interese para o desenvolvemento emocional e social do alumnado
- Relación coa contorna, que permitan, na medida do posible, a integración interxeneracional e a participación das familias, dándolle tamén especial importancia á presenza nas actividades da localidade na que está ubicado o colexio.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que acade a promoción de curso cunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior. O apoio será impartido polo mestre/a da materia, e contará, co apoio do departamento de orientación e do equipo docente, cando haxa profesorado con dispoñibilidade horaria para estas tarefas de reforzo.

O profesorado reponsable do curso ou da área ou materia, elaborará un Plan de reforzo tal e como establece a Orde 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade en Galicia. As familias serán informadas da existencia deste plan de reforzo educativo.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno.

Será na avaliación final onde se adopten as decisións relacionadas coa promoción, a avaliación das competencias clave e todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno.

A titora ou o titor elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, no cal se reflectirá o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, e, no seu caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

No caso de que unha alumna ou alumno non promocióne, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, poida acadar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes, sendo atendidas e superadas as dificultades que lle levaron á repetición. O plan específico desenvolverase ao longo de todo o curso.

Este plan específico de reforzo para cada alumno/a que permaneza un ano máis no mesmo curso, que deberá ter as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.
- Estará supervisado polo departamento de orientación.
- Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo o alumno/a para acadar as competencias básicas.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- A familia será informada deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan de reforzo debe incluír:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación deseñarase baixo os seguintes criterios, tal e como establece a normativa:

- Global: a valoración da aprendizaxe basearase conxuntamente no grao de adquisición das competencias clave e no logro dos obxectivos.

- Continua: deberá realizarse ao longo de todo o proceso educativo.

- Formativa: a información obtida deberá permitir adaptar e mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe ás necesidades de cada alumno/a.

- Terá un carácter competencial: todos os procesos avaliativos deberán integrar contidos sobre os que traballar con procesos mentais e contextos de aplicación (é dicir, deben ser recoñecibles e aplicables na súa realidade cotiá).

Os referentes para avaliar, tanto o grao de adquisición das Competencias Clave como o logro dos Obxectivos das diferentes áreas e ámbitos, serán os Criterios de Avaliación recollidos no anexo II do Decreto 155/2022.

Utilizaranse técnicas e instrumentos de avaliación variados que permitan aos alumnos e alumnas utilizar diversas formas de acción e expresión, de xeito que se adapten ás diferentes intelixencias, destrezas e características emocionais e académicas do alumnado, garantindo así a igualdade de oportunidades á hora de afrontar os procesos avaliativos.

A avaliación das Competencias Clave debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, pois os Criterios de Avaliación de cada área están relacionados cos Obxectivos da mesma, ao tempo que estes a través dos descritores recollidos no perfil de saída o están coas Competencias Clave. Os resultados da avaliación das Competencias Clave expresaranse nos mesmos termos que a avaliación das áreas. (IN: 1,2,3,4 - SU: 5 - BE: 6 - NT: 7,8 - SB: 9,10).

Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que serán o referente principal para realizar o seguimento das propias programacións.

Criterios para a promoción: a promoción será automática no primeiro curso de cada ciclo. Rematado o segundo curso de cada ciclo (2º, 4º e 6º) o equipo docente poderá acordar a permanencia un ano máis no mesmo, unha vez oídos os pais, nais ou tutores legais e como máximo unha vez durante a etapa. A permanencia un ano máis no mesmo curso será unha medida extraordinaria que só se tomará tras esgotar as medidas ordinarias existentes que deberán ser aplicadas de maneira individualizada e adaptada ao alumno/a en cuestión para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe.

Só nese caso e se o equipo docente, co asesoramento da Xefa do Departamento de Orientación, considera que a permanencia do alumno/a un ano máis no curso é a decisión máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento, poderá levarse a cabo dita medida. Nese caso o equipo docente, baixo a coordinación do titor/a, elaborará un Plan específico de reforzo para que nese ano de permanencia o alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das Competencias Clave correspondentes.

O alumnado que promocione con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas o ano anterior.

Xuntanzas de avaliación:

Nas etapas de educación infantil e educación primaria establécese a avaliación inicial, un mínimo de tres avaliacións parciais e a avaliación final. Polo que se realizará unha xuntanza inicial e unha xuntanza trimestral de todo o profesorado docente que intervéen en cada grupo. Para ditas xuntanzas deberase seguir a estrutura de reunión

acordada polo claustro.

As actas das xuntanzas cumprimentaranse segundo o modelo. Tras a celebración de cada sesión de avaliación, o/a titor/a informará por escrito a través do boletín de notas obtido a través da aplicación XADE a cada familia sobre o resultado do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a. As familias dadas de alta en Abalar recibirán esta información a través desta aplicación.

Informes competenciais: na última avaliación, xuntarase ao boletín de notas oficial, un informe de adquisición de competencias do alumno/a. Para a elaboración de dito informe empregarase o modelo acordado polo claustro. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Información da avaliación: os titores/as e o resto do profesorado manterá unha comunicación fluída co alumnado e cos seus pais, nais e titores legais en todo o relativo ao proceso de aprendizaxe. A información sobre a avaliación trasladarase ás familias polo menos unha vez por trimestre nun informe que recollerá os progresos do alumno/a no proceso de aprendizaxe e as cualificacións nas áreas. Para garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, as programacións didácticas e as propias concrecións curriculares serán públicas e estarán colgadas na páxina web do centro. Os pais, nais e titores legais poderán pedir calquera información que precisen aos titores/as ou a calquera profesor/a solicitando a correspondente titoría. Así mesmo, para aclaracións puntuais poderán utilizar o correo electrónico habilitado a tal efecto ou o sistema Abalar.

Revisión das cualificacións: os pais, nais ou titores legais que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións de promoción poderán solicitar as pertinentes aclaracións ao titor/a ou ao profesorado.

En caso de que persista o desacordo poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación, no prazo de dous días hábiles desde que se produciu a comunicación. Dita solicitude trasladarase ao titor/a e nun prazo de dous días o equipo docente reunirse para revisar a cualificación e elaborará o correspondente informe ratificar ou modificar a decisión anterior. Neste proceso de revisión teranse en conta a adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación e dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados, así como a correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica.

Neste informe a dirección do centro emitirá resolución razoada ratificando ou modificando a cualificación revisada o que se comunicará por escrito aos recurrentes. Se tras o proceso de revisión persiste o desacordo, o pai, nai ou titor legal poderá presentar por escrito á dirección do centro unha reclamación ante a Xefatura Territorial no prazo de dous días hábiles que o centro remitirá á mesma. No prazo de 15 días a Xefatura emitirá resolución motivada, que se trasladará de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e comunicación á persoa interesada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non procede.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións contarán cos seguintes elementos:

- a) Introducción: Características socioculturais, económicas da zona onde está situado o Centro.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas acordadas no proxecto educativo de centro.
 - Materiais e recursos didácticos. Uso da variedade de recursos dos que dispón o centro.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación. Estes criterios de cualificación deben reflexar os acordos da Comisión de coordinación pedagóxica.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias acordadas polo Claustro e aprobadas polo Consello Escolar.
- h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os proxectos, plans e programas nos que participará o centro durante o curso escolar serán presentados no claustro e no consello escolar durante o primeiro mes de curso, e será incluída na PXA unha descrición dos mesmos.

Os obxectivos prioritarios á hora de decidir este tipo de actuacións serán os seguintes:

1. Incentivar a participación de toda a comunidade educativa.
2. Impulsar múltiples e diversas actividades didácticas nas que os protagonistas principais sexan os nenos e as nenas.
3. Motivar a creatividade e o interese do alumnado polo seu propio proceso de aprendizaxe.
4. Fomentar o traballo en equipo e a toma de responsabilidades.
5. Empregar as TIC.
6. Crear espazos e experiencias presididos polo respecto e a convivencia en igualdade.

O noso PE do centro conta cos seguintes plans que se detallan a continuación, e que son avaliados e revisados anualmente:

- Proxecto lingüístico de centro.
- Programa Plurilingüe.
- Plan Lector.
- Plan da Biblioteca escolar.
- Plan xeral de atención á diversidade.
- Plan de acción tutorial.
- Proxecto de promoción de estilos de vida saudables.
- Proxecto de educación dixital.
- Plan de comunicación de centro.
- Plan de autoprotección.
- Plan de convivencia e plan de Benestar emocional.
- Plan de igualdade
- Plan de xestión dos recursos.
- Plan de actividades complementarias e extraescolares.

Ademais participamos noutros plans, proxectos ou programas, que son os seguintes:

- PLAMBE.
- Voz Natura.
- Polos Creativos
- Programas de éxito educativo: Programas de Inclusión Educativa.
- Edixgal.
- Centros Plurilingües

Plans e proxectos que contribúen á mellora da oferta educativa e calidade do ensino e a actualizar e incrementar os recursos materiais e persoais do centro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión desta concreción curricular realizarase nas reunións de CCP que se vaian realizando durante o curso.

A súa avaliación terá lugar na CCP de xuño e no último Consello Escolar, no que recolleremos as propostas e suxestións das familias e do alumnado.

Avaliarase coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios que dean resposta as realidades que van evolucionando cos tempos.

Deseñaranse indicadores de observación para facer unha análise máis profunda da eficacia da aplicación dos distintos documentos.

A súa modificación, de ser o caso, farase no primeiro mes de curso.

o) Outros apartados

1. Difusión

A Concreción Curricular será publicada na páxina web do centro.